



### BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NO CAMPAMENTO EDUCATIVO DE PRIMAVERA DO ESPAZO INFANTIL NO ANO 2019.

As presentes bases regularán o proceso de inscrición nos Campamentos Educativos de Primavera que terá lugar os días 15,16,17 e 22 de abril de 2019, de 9.00 a 14.00 h. da mañá, e o acceso ó mesmo.

#### 1. NÚMERO DE PRAZAS E QUENDAS

##### 1.1 Ofértanse:

- 25 prazas para rapaces de 7 a 14 anos (ámbolos dous incluídos) empadroados no concello.
- 25 prazas para rapaces de 3 a 6 anos (ámbolos dous incluídos) empadroados no concello.

##### 1.2 A adxudicación de prazas realizarase por orde de rexistro.

##### 1.3 A asistencia é obrigatoria; un 25% de faltas sen xustificar dará lugar a baixa automática na actividade. As faltas computaranse por horas.

##### 1.4 Só se permitirán como xustificantes válidos de faltas de asistencia:

- o O xustificante médico por enfermidade ou ingreso do neno/a ou de familiar co que conviva.

#### 2. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

##### 2.1 O prazo de inscrición será desde o venres, 5 de abril, ó xoves, 11 de abril de 2019 (ámbolos dous incluídos) podendo ampliar este prazo no caso de que queden prazas vacantes.

##### 2.2 A adxudicación poderá ser:

- Por orde de rexistro, no caso de que a demanda non supere o número de prazas ofertadas.

##### 2.3 O venres, 12 de abril, publicaranse as listas de espera no taboleiro do Espazo Infantil e na páxina web, coa correspondente listaxe de admitidos na actividade.

##### 2.4 No caso de que varios irmáns solicitasen participar na actividade, se algún deles sae seleccionado, automaticamente obterán praza os demais irmáns.



### 3. INSCRICIÓNS

3.1 As inscricións realizaranse de forma presencial no Rexistro do Concello de Barbadás, situado na Oficina Municipal de A Valenzá e na Casa do Concello en Barbadás en, horario de luns a venres das 8:30 ás 14:30 horas, presentando a seguinte documentación:

- A folla de inscrición debidamente cumprimentada que se facilitará no Espazo Infantil ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura produce os efectos de autorización para a asistencia do menor a actividade.

3.2 Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

### 4. ORGANIZA

Concello de Barbadás

Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal

Casa Municipal da Xuventude Parque da

Solaina, s/n – A Valenzá

Tel. 988391526

Fax: 988234725

e-mail: [xuventude@barbadas.es](mailto:xuventude@barbadas.es)

<http://www.barbadas.es>

*As cuestións de dúbida, interpretación, ou cambios derivados de imprevistos que xurdan durante o desenvolvemento desta actividade serán resoltas pola Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Participación Veciñal.*

*O Concello de Barbadás resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o bó desenvolvemento do evento.*

*A participación no Campamento Educativo de Primavera do Espazo Infantil no ano 2019 implica a aceptación das presentes bases.*